



D.^a VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 31 de marzo de 2021, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS URGENCIA- ANALÍA TUÑAS

EXPEDIENTE: 2021/G003/000327

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que mediante escrito do 19 de marzo de 2021, presentouse por D.^a Analía Tuñas Rodríguez a solicitude de concesión dun nicho no cemiterio municipal (rex. entrada nº 1154, do 22/03/2021).

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal respondía a que o falecemento do seu pai tivo lugar o día 19 de marzo, téndose previsto proceder a darlle sepultura o día 20 de marzo.



Considerando que a persona interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, non podendo esperar a interesada á súa obtención, polas circunstancias concorrentes, comprometéndose en todo caso a solicitalos e aportalos ao Concello á maior brevidade posible.

Considerando que a interesada, na documentación presentada, acreditou o aboamento, o 19 de marzo de 2021, de 1.310 euros, que se corresponden co importe das tarifas de concesión dun nicho (1.250 €) así como co importe da licenza de apertura e inhumación (60 €).

Considerando que, dadas as circunstancias concorrentes, a inhumación tivo lugar o sábado 20 de marzo no nicho 24 A, bloque 2, segundo a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, do 19 de marzo de 2021, incorporada ao expediente.

Considerando que, no día da data, aportouse pola interesada a documentación pendente (certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, así como a documentación acreditativa do ingreso da garantía definitiva por importe de 35,80 €) (rex. entrada nº 1338, do 31/01/2021).

Considerando que, segundo o artigo 39.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas presumíranse válidos e producirán efectos dende a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa, podendo outorgarse excepcionalmente, segundo o parágrafo 3 do artigo citado, eficacia retroactiva cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa na data á que se retrotaiga a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.



En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 24 A do bloque 2 a D.^a Analía Tuñas Rodríguez, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable, con efectos do 20 de marzo de 2021, conforme ao artigo 39.3 da LPACAP.

Segundo.- Notificar a presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Vº e Praxe
O alcalde,

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral,

Virginia Fraga Diaz